


ALFRED JARRY

UBÚ COLONIAL

**Tradución, introdución e notas :
Henrique Harguindey**



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/).

Citar como: A. Jarry: *Ubú Colonial*. Tradución ao galego de Henrique Harguindey
<http://palabrasdesconxeladas.com>

O Pai Ubú segue vivo. Grotescamente e sinistramente vivo. O que foi considerado premonición do maior ridículo, absurdo e perigoso fantoche do século XX segue a cabalgar no XXI.

O personaxe fixera a súa presentación en sociedade na soada primeira representación do *Ubú Rei* en 1896. Jarry levara ao extremo do delirio a farsa de estudantes. E o Pai Ubú seguíu campando (*Ubú cornudo, Ubú encadeado, Ubú colonial, Ubú no outeiro*) xunto con outras obras de igual fasquía jarryesca.

Unha persoa fundamental na vida do autor foi Ambroise Vollard, coñecido galerista de arte que descubriu e promocionou pintores como Gauguin, Cézanne, Van Gogh, Matisse ou Picasso –ao que lle organizou a primeira exposición parisiense e encargou a famosa serie de gravados coñecida como Suite Vollard– impulsando as correntes máis renovadoras e vangardistas.

Coñecer a Jarry, co que o ligou unha sólida amizade, supúxolle a Vollard descubrirse unha vocación literaria e ficar fascinado coa creación do personaxe do pai Ubú. En 1901 propón a edición do *Almanach Illustré du Père Ubu (XXe Siècle)*, un traballo colectivo no que participan, a máis de Jarry, o pintor Bonnard, o músico Terrasse e o propio editor, Vollard. Inspirado polos relatos e anécdotas dos negros da colonia francesa da illa da Reunión, na que Vollard nacera, será nese almanaque onde aparece o texto de *Ubú Colonial*.

Anos despois de Jarry morrer, Vollard quixo continuar a presenza ubuesca, polo que publicou numerosas continuacións á obra do seu amigo : *Le Père Ubu à l'hôpital, Le Père Ubu à l'aviation, Le Père Ubu à la guerre, Politique coloniale du Père Ubu, Les réincarnations du Père Ubu, Le Père Ubu au pays des soviets...*

En galego o texto de *Ubu rei* foi publicado en tradución nosa polos Cadernos da Escola Dramática Galega (nº 80), pouco despois da súa estrea por Teatro de Ningures, en 1989 nunha montaxe dirixida por Etelvino Vázquez. E volveu Ubú con frecuencia á escena galega : con Maricastaña, dirixida por Fernando Dacosta, con La Imagina Machina, dirixida por Suso Díaz, coa Aula de Teatro da Universidade da Coruña dirixida por Zé Paredes...

Tamén continuou o seu periplo universal polas máis variadas latitudes. En 1994 Emmanuel Genvrin co Théâtre Vollard realizou a conxunción de Jarry e de Ambroise Vollard na peza *Votez Ubu Colonial!* que insire a súa mensaxe na actualidade da Reunión.

Resulta máis doado ser actuólogo que arqueólogo. Por iso – aínda que tamén estean impresas nos enterramentos antigos da Humanidade as pisadas do Pai Ubú- dexergamos con facilidade as pegadas do Mestre das Finanzas nas corredeiras, estradas e rúas de hoxe. Emmanuel Genvrin seguíu a pista ubuesca pola colonia e calquera de nós pode detectar a súa grotesca e sinistra presenza nos novos pports e aeroportos da Gallaecia e da Hispania dos nosos días.



PERSONAXES

Pai Ubú
Nai Ubú
O Forno

PAI UBÚ :

- Ah ! Sodes vós, doutor Forno ? Estamos encantado de que teñades vido ao noso encontro, cando non facemos máis que desembarcar deste paquebote que nos trae da nosa ruínosa exploración colonial , por conta do goberno francés. No traxecto de aquí á nosa morada, se insistides en compartir a nosa comida, aínda que non teñamos demasiada para nós e a Nai Ubú e que mesmo non esteamos seguro de que sexa divisible por dous, nós instruíremosvos daquelo que aprendimos no decurso da nosa misión.

A nosa primeira dificultade alá, foi que non había que pensar en nos procurarmos escravos, ao estar por desgraza abolida a escravitude ; Nós vímonos reducido a entrar en relacións diplomáticas con negros armados que estaban a mal con outros negros desprovistos de medios de defensa, e cando os primeiros tiveron capturado os segundos, Nós levamos a totalidade como *traballadores libres*, por pura filantropía, a fin de evitar que os vencedores comesen aos vencidos, como se practica nas fábricas de París. Desexoso de lles proporcionar a todos felicidade e de os manter no ben, prometimos, se é que se portaban como é debido, outorgarlles, inmediatamente despois de dez anos de traballo libre ao noso servizo e mediante informe favorable do noso gardián de forzados, o dereito a seren electores e a faceren eles propios os seus fillos.

Para garantirmos a súa seguridade, Nós reorganizamos a policía, é dicir, Nós suprimimos os comisarios de policía, que aínda non foran establecidos, e substituímos por unha adiviña somnábula que nos denunciaba os delincuentes, baixo a condición, de que tivésedes coidado de consultala só nos seus momentos de lucidez.

O FORNO :

-Velaí unha invención maravillosa, Pai Ubú, maiormente se a somnábula estaba lúcida a miúdo.

P.U :

- Bastante a miúdo, cando menos todas as veces que non estaba bébeda.

FORNO :

- Entón : cando se embebedaba, pai Ubú ?

P.U. :

-Sempre... Ah, doutor Forno, estades a me facer burla e provocades que induza a que rían de min! Pois ben, escoitade como, pola nosa sabenza en medicina e a nosa presenza de ánimo fumos quen de vencer unha terrible epidemia que devastaba o noso convoi de traballadores libres, e dicídemme se vós teríades sido capaz de facer semellante curación! Os negros están –descubrimos Nós- suxeitos a unha enfermidade extraordinaria : sen motivo aparente, mais moi especialmente cando os exhortan a traballar, quéixanse de teren «tatane¹», déitanse no chan e é tan imposible facelos levantarse como se estivesen xa mortos. Ocorréuseme, lembrando que a afusión fría era moi recomendada nos casos de *delirium tremens*, guindar á auga o máis enfermo de todos, que foi papado decontadiño por un gran bacallao. Este sacrificio expiatorio debeulles gustar aos deuses mariños porque todos os negros se puxeron a danzar en signo de curación súbita e para glorificar o noso remedio ; e un dos máis gravemente tocados converteuse nun magnífico semental libre.

FORNO :

-Trouxéstelo convosco, Pai Ubú ? Heillo presentar á miña muller, que di que se perdeu a raza deles.

P.U :

- Infortunadamente, como nos debía a vida e a Nós non nos gustan as débedas coa caixa das nosas phynanzas, non disfrutamos de descanso ningún ata termos atopado unha ocasión de cobrar ese crédito. E non tardou. Un día as súas trasnadas chegaron ao punto de guindar na nosa gran turbina do azucre (que fai dúas mil revolucións por minuto e reduce nun chiscar de ollo calquera granito ou ferralla vella en impalpable azucre en pó) un rapaz malabar que de certo non medraba rápido de abondo para se facer un verdadeiro traballador libre. Nós non dubidamos nin un segundo en facer executar o criminal, canto máis que tiñamos unha testemuña irrecusable da súa falcatrúa, o rapaz malabar en persoa, que viñera queixarse a Nós !

¹ ¹ *Tatane* é unha palabra do creoulo reuniónés que significa “sono” (*Gagner tatane* é “adormiñarse”). No *Almanaque Ilustrado do Pai Ubú (Século XX)* *tatane* aparece con frecuencia: *sainte Tatane* ten o 9 de maio a súa celebración no Calendario do Pai Ubú para 1901, e no *calendario patafísico*, establecido jarryescamente polo Collège de Pataphysique, o mes de *Tatane* vai do 14 de xullo ao 10 de agosto, tempo evidente de repouso. O mesmo Almanaque Ilustrado do século XX inclúe o texto (Vollard), partitura (Terrasse) e ilustracións (Bonnard) da canción *Tatane* “Canción para facer porse vermellos os negros e glorificar o Pai Ubú”; unha versión ampliada desta canción será publicada polo Colexio de Patafísica en 1992.

FORNO :

- Pero, se eu non entendín mal, o rapaz malabar fora guindado na turbina, e estaba reducido a azucre en pó !

P.U :

- Pois claro que non, mais, para xustificar a nosa xustiza era amplamente suficiente que o outro tivese a intención de lanzalo nela, e por outra banda, se o rapaz malabar non morreu, por causa desta aventura contraeu unha enfermidade melancólica!

FORNO :

-Pai Ubú, non sabedes o que dicides.

P.U. :

-Como, señor ? Daquela, se vós sodes tan listo, explicádeme o que quere dicir o *oos* !

FORNO :

- É lingua grega ou negra, Pai Ubú ?

P.U. :

- Vós traducide e despois verédelo.

FORNO :

- *Oos* ? Hai unha palabra grega que lle asemella moito e que quere dicir « ovo », e tamén temos a partícula *os* que forma parte de Osteoloxía, tratado dos osos.

P.U :

-Ben sabía eu que erades un burro, señor Doutor ! *Eau hausse* quere dicir en negro (se non é en francés) *auga sobe* ! Mais nunca ha ela chegar á estiaxe da vosa parvura !

FORNO :

-Só a vosa pode contemplar todo dende as alturas, Pai Ubú.

P.U :

-Oh, deixemos iso, señor, ou ides perecer miseravelmente como eses tres tiburóns que coa nosa afouteza fixemos fuxir !

FORNO_:

- Destes caza a tres tiburóns, Pai Ubú ?

P.U. :

- Talmente, señor, nin un menos. E diante de todo o mundo, en plena rúa ! Mais, como non sabedes cousa ningunha, non é preciso dicir que os vossos coñecementos de mineraloxía non se estenden ata conceber o que é un tiburón ! Si, meu señor, eu conservei a miña chedrolla² intacta entre as patas de tres tiburóns que acorralei correndo por diante deles e virándome cada pouco, seguindo, senón esta caza de pelo, cando menos o costume do país ; porque alá chámanlle *tiburón* a unha candonga negra moi vella !

FORNO (*escandalizado*) :

- Oh, Pai Ubú !

P. U. :

-Pois si ! É un nome de paxaro. A min elas chamábanme *miña baleíña*, aínda que ese diminutivo garimoso fose sen discusión irreverente, ao ser a balea inferior en dimensión a Nós ; sen o que non diríamos que era un diminutivo, ata o punto de que, para discernila como animal, tivemos que inventar o *microscopio para baleas*. Fóra iso, non están ma as damas esas, son moi axeitadas e moi ben educadas. Con frecuencia conversabamos dun xeito parecido a este :

- *Onde vai vós que vexo eu ?* –diciamos Nós.

² A *chedrolla* é , por antonomasia, o atributo de Ubú. Na tradución galega conservamos a creación do orixinal *gidouille* no que ecoan chepas e androllas. Trátase da representación dos máis baixos instintos, proxectados no ventre e baixo ventre. O Colexio de 'Patafísica estableceu como símbolo emblemático da chedrolla a espiral intestinal senestróxira de Ubú, xa empregada por Jarry nas súas ilustracións do Pai Ubú.,

A NEGRA e P.U. :

- *Á beia aquí vai, poque a testa fai pumpún, máis non pode andá.*
- *Como testa que fai ?*
- *Un duído que fai.*
- *Señoa vós de deputado ou senadó ?* - aventurabamos Nós, seducido polas súas boas maneiras.
- *Non, eu de vendedó de manioca, don e café.*
- *Eu pode í vé vós ?*
- *Se vós compá podutos das colonías, ven, peo ollo eu non é cadela.*

FORNO :

- Pai Ubú, nunca vos tería crido tan galante !

P.U. :

- Vouvos amosar de que ven. *(Cachea no peto esquerdo do seu calzón)*
Vedes esta botella ? Adiviñade o que é este licor ! É *extracto de tange*³ !

FORNO :

- Que abracadabrante bicho é ese ?

P.U. :

- Dades visto o bicho ? Arré, é certo ! Non está totalmente disolto no alcol, é o que eu chamo unha solución sobresaturada. O tange é un rato, meu señor, un humilde rato ! Hai dous tipos de ratos : o rato de cidade e o rato do campo. Atrevédevos a dicir que non somos un gran entomólogo ! O rato do campo é máis prolífico porque ten máis sitio para criar a súa proxenitura, e é polo que os naturais do país o comen para teren moitos fillos. Así asimilan as súas cualidades e poden dicir :

- *Meu muller, egue un pouco o teu saia.*
- *Eu non ten gana.*
- *Come tange.*
- *Pois se tu come tange tamén, tu vai facé quince viaxes máis !*

FORNO :

- Pai Ubú : Non sería máis decente mudar de conversa ?

P.U. :

Como gustedes, señor, vexo que non sodes moi competente nestes asuntos !

³ O tange é unha caste de ourizo orixinario de Madagascar que se atopa tamén noutras illas máis pequenas que rodean aquela. É moi apreciado na cociña da rexión

Velaí de que xeito creamos os portos nas colonias. De primeiras habémosvos dicir que os nosos portos están admirablemente mantidos, porque endexamais funcionan. Non dan outro coidado que o de lles limpar o pó cada mañá, porque neles non entra nin unha pinga de auga.

FORNO :

- ... ?!

P.U. :

- Si, señor, évos así: Cada vez que eu quería construír un porto, a xente interesada en que o fixese nas súas terras dárame phynanza. Cando eu tiña a phynanza de todo o mundo (e só nese momento,) eu volvíalle pedir ao goberno a maior cantidade posible, a maiores daqueloutra . Despois dicíalle á xente que o goberno só me concedera crédito para un porto. Entón eu mesmo excavaba o porto nun lugar arredado que non pertencese a ninguén, e se fose necesario lonxe do mar, pois que non era para poñer barcos senón para poñer a todo o mundo de acordo !

FORNO :

- Pero, Pai Ubú, así quen se debeu poñer a mal con todo o mundo fostes vós!

P.U. :

- Nadiña ! Convidáronme ás festas todas, e foi todo moi ben, non sendo a primeira vez porque, para homenaxear aos das colonias, eu puxérame todo elegante co meu gran uniforme colonial de explorador perfeccionado, a miña casaca branca e o meu casco de rollas de botellas. Era moi comfortable porque a medianoite facía 40 graos de calor. Mais toda aquela xente, por unha cortesia recíproca cara á metrópole representada na miña persoa, puxeran o seu vestido negro e o seu manto de pelica. Tratáronme de malcriado e enchéronme de puntapés.

FORNO :

- Os negros poñen vestido negro ?

P. U. :

- Poñen, si, señor, pero non se ve, o que ten vantaxes e inconvenientes. Os negros son pouco visibles pola noite, polo que non puiden poñer en vigor o regulamento dos ciclistas aplicado a eles : timbre e faro obrigatorios. É molesto porque vos dades croques contra eles, e é agradable porque podedes pisarlles os

pés. Os negros de condición baixa, que se distinguen un pouco na escuridade porque levan chaleques de *roupa branca de cor*, non se rebotan en absoluto e dinvos : « Perdón, meu branco ». En troque, os negros *chic*, vestidos totalmente de negro, non sodes quen de dalos visto : aparécenvos enriba como unha cheminea que vos caise na cabeza, esmáganvos as dedas e afúndenvos a chedrolla ; despois do cal trátanvos de « Poco negro ! ». Para mantelos a raia. Nós optamos por nos facermos escoltar polo máis negro e a un tempo o máis económico dos negros, quer dicir a nosa sombra, que tiña a misión de se bater contra deles. Mais Nós viamonos obrigado a seguir o medio da calzada, senón o tal negro, non menos indisciplinado que volátil, collería o andante co pretexto de ir xogar ao trompo coas sombras das farolas e outros negros das rúas. Estes negros invisibles son o principal inconveniente do país, que por outra banda sería moi delicioso con algunhas melloras. Está cheo de ríos e de rapaciños negros, cousas as dúas que permitirían aclimatar e alimentar os crocodilos con poucos gastos ; na illa non os hai, e é mágoa porque vivirían moi ben, mais na miña próxima viaxe conto con importar alá, a fin de que se reproduza, unha parella nova, dous machos a poder ser, a fin de que sexan máis vigorosos.

Pola contra, alá o avestruz é bastante abundante, e estamos estupefacto de non termos capturado máis do que fixemos, pois observamos exactamente todas as receitas preconizadas tocante a esta caza nos nosos libros de cociña, e principalmente a que consiste en esconder a cabeza debaixo dunha pedra.

FORNO :

- Seguro que o que lestes, foi : *caza de trufas*.

P.-U. :

- Silencio, señor! Nada se pasa neste país como vós tedes a candidez de imaxinar. Así non podíamos endexamais atopar de volta a nosa morada porque alá, cando alguén se muda de vivenda, leva consigo a placa onde está escrito o número da súa casa, e se vive na esquina dunha rúa, a placa da súa rúa ou das dúas rúas. E grazas a ese costume, os números séguense uns aos outros aproximadamente coa mesma bonita orde que na lotería. E hai rúas que gozan de tres ou catro números superpostos e outras que están privadas deles. Mais os negros indicábannos o camiño, porque nós cometeramos a imprudencia de pintarmos na nosa fachada : « Prohibido botar lixo », e como aos negros o que lles gusta é desobedecer, acorrían dende todos os recunchos da illa. Lembro un rapaciño negro que viña de moi lonxe, todos os días, baleirar o ouriñal dunha señora baixo as fiestras do noso comedor e que nolo amosaba dicindo :

- *Vosoutos, olla un pouquiño : eu o nego fai caca maela, meu ama que banca é fai caca nega.*

FORNO :

- Como moito, iso probaría que o branco non sería outra cousa senón un negro ao que reviraran coma unha luva.

P. U. :

- Asombrádesme ao terdes atopado a cousa vós sóíño, señor ! A nosa conversa préstavos e imos facer algo de vós. Se cadra ides dar bo resultado substituíndo, revirado segundo o voso sistema, o espécime de escravo negro que nós omitimos traer, considerando exorbitante o prezo de envío.

(Entrementres, os interlocutores teñen chegado á casa do Pai Ubú. Adiántase a Nai Ubú. Efusións conxugais, mais -oh, sorpresa !- durante a ausencia do Pai Ubú de cabo da súa virtuosa esposa, naceu un meniño negro.

O Pai Ubú ponse escarlata e dispónse a zoupar mais a Nai Ubú advírtelle e esclama :)

NAI UBÚ :

- Miserable ! Enganáchesme cunha negra !